

## MESA SECTORIAL DO 3 DE XUÑO DE 2026

### Certificados na nube

Vaise habilitar a todos os profesionais o acceso aos certificados na nube. Recibirán un correo para que poidan solicitar o certificado na nube. Isto faise en dous pasos, primeiro identifícase o profesional e despois solicita o certificado.

Este certificado na nube é complementario do físico.

CIG-Saúde solicita outro mecanismo para poder solicitar este certificado.

### Cobro do CPV

CIG-Saúde solicitamos que se regulen os criterios e as condicións para ao acceso ao cobro do CPV. O persoal temporal vese excluído do cobro por sistema se non prestan servizo durante todo o ano.

Solicitamos tamén que aparezan na orde de confección de nóminas diversas categorías de xestión e servizos que están cobrando o CPV pero que non aparecen na orde.

CIG-Saúde preguntamos se o CPV do hospital para enfermeiras/os está autorizado. Din que si.

Solicitamos que nos informen dos valores do resto de categorías que fan xornada complementaria no hospital.

### Retirada dos ADX do indicador referido á Incapacidade temporal

Introduciuse un indicador ao persoal médico de familia que ten un 10% dos obxectivos comprometidos en función do nº de días que duren as ITs dos seus pacientes. Para CIG-Saúde isto é grave e pon en entredito a profesionalidade e a confianza médico-paciente.

### Modificación da Instrución da Xestión da IT

CIG-Saúde preguntamos quen vai asumir o gasto de todos os procesos van xestionar as Mutuas. Para CIG-Saúde é unha privatización encuberta de parte da atención da sanidade pública, e darlle á Mutua capacidade de decisión sobre todo o proceso do traballador, separado do ámbito da sanidade pública.

Queremos que conste o noso profundo desacordo con esta instrución e coa campaña de criminalización que se está facendo dos traballadores/as e das profesionais da sanidade pública.

